

DECRETO

Ilmo. Sr. Mauricio Victorio Repetto Morbán, Tte. de Alcaldesa de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo á celebración do Mercado de Nadal “Nadalmente Lucense”.

E tendo en conta:

- Informe proposta de aprobación das “BASES XERAIS DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO DE NADAL “NADALMENTE LUCENSE” cuxo teor literal di:

INFORME PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO DE NADAL “NADALMENTE LUCENSE” ORGANIZADO POLO CONCELLO DE LUGO NA PRAZA MAIOR DA CIDADE.

ANTECEDENTES

- Que dende o ano 2022 o Concello de Lugo celebra na Praza Maior da cidade o mercado navideño “Nadalmente Lucense” dende principios de decembro e ata o 5 de xaneiro.

- Que este ano vaise celebrar unha nova edición do mercado dende o día 5 de decembro ao 5 de xaneiro e se precisa regular o procedemento de solicitude e selección dos participantes.

Polo antedito, **PROPONSE** que polo Tte. de Alcalde D. Mauricio Repetto Morbán se proceda a:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de participación e apertura da convocatoria do mercado de Nadal organizado polo Concello de Lugo:

BASES XERAIS DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO DE NADAL “NADALMENTE LUCENSE” ORGANIZADO POLO CONCELLO DE LUGO

1. OBXECTO: Mercado Nadalmente Lucense

Estas bases teñen por obxecto regular as normas e condicións de participación dos e das comerciantes/artesáns no mercado “NADALMENTE LUCENSE” organizado polo Concello de Lugo.

As presentes bases **están condicionadas** pola presentación de ofertas para a licitación do “**Contrato da instalación das casetas, dinamización e decoración do mercado de Nadal**” e que estas cumpran cos requisitos do prego. Inicialmente o mercado de Nadal saíu á licitación, no mes de setembro e tras quedar deserto licitouse de novo. Actualmente está aberto o prazo de presentación de ofertas ata o 21 de novembro. O día 24 de novembro abríranse as ofertas presentadas, e só no

caso de que quede de novo deserto, quedaría anulada esta convocatoria xa que non podería celebrarse o mercado de Nadal deste ano.

1.1.- AS CASETAS

Cada posto ocupa unha superficie de 336x263 cm / 6m².

Serán facilitados os seguintes medios:

- Caseta e decoración exterior da mesma.
- Cadeira de madeira.
- Iluminación xeral.
- Tomas de corrente.

Corresponde a cada expositor:

- Instalación dos soportes que normalmente utilice para a exposición e venda do seu produto.
- Ambientación interior do posto.
- Seleccionar os seus produtos máis acordes a estas datas para a súa venda.

1.2.- DATAS, HORARIOS E EMPRAZAMENTO

O Mercado de Nadal desenvolverase na Praza Maior da cidade de Lugo.

O Mercado comezará o 5 de decembro e rematará o día 5 de xaneiro de 2026.

O horario de apertura será de 11:00h a 14:30h e de 16:30h a 21:00h.

Os días 24 e 31 de decembro haberá horario reducido de 11:00h a 14:30h.

Os días 25 de decembro e 1 de xaneiro o Mercado permanecerá pechado.

En canto aos horarios, unha vez adxudicado o contrato, estudarase a viabilidade de que voluntariamente os comerciantes/artesáns que o desexen poidan optar por un horario continuo e incluso fora do horario obrigatorio. Para elo, será necesario ver esta posibilidade coa empresa adxudicataria do contrato.

1.3.- PRAZO DE AUTORIZACIÓN

O prazo de autorización será exclusivamente durante o “Mercado Nadalmente Lucense”.

As casetas cederanse por quendas, sendo esta a súa distribución:

Quenda 1: Do 5 de decembro ao 14 de decembro.

Quenda 2: Do 15 de decembro ao 21 de decembro.

Quenda 3: Do 22 de decembro ao 28 de decembro.

Quenda 4: Do 29 de decembro ao 5 de xaneiro.

Os negocios interesados deberán comprometerse a ocupar a mesma durante o período acordado, cos postos perfectamente montados, e os postos desmantelados e a zona libre de vehículos á finalización da súa quenda.

No caso das quendas, cando haxa cambio de ocupante, este deberá desocupar e deixar valeira a caseta entre as 21:00h e as 23:00h; e, o novo ocupante ocupará a

caseta tendo totalmente montada a súa exposición entre as 8:30h e 10:00h do día de entrada na caseta.

2. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

- a) A presente convocatoria está aberta a todas e todos os/as comerciantes ou artesáns locais interesados/as en participar no Mercado de Nadal.
- b) En caso de non cubrir a totalidade dos espazos coas solicitudes das e dos comerciantes locais poderanse cubrir con comerciantes ou artesáns non locais.
- c) Cada caseta terá o seu número asignado. A ocupación do espazo de cada posto será asignada pola organización.
- d) Os expositores non poderán ocupar máis espazo que o ofertado e aprobado pola organización.
- e) Os expositores participantes deberán cumprir coas medidas de seguridade previstas pola lexislación e calquera outra que se establecese pola organización, e que serán obrigatorias.
- f) Todos os expositores deberán traer o seu material para a súa montaxe.
- g) Non se admitirán obxectos expostos no chan ou fóra do espazo delimitado de cada caseta. A roupa deberá estar ben colocada sobre mesas, andeis ou percheiros e o resto de obxectos sobre mesas ou outros soportes similares para a súa correcta exposición.
- h) Os expositores deberán ser responsables da limpeza das súas casetas, así como da sucidade que produzan durante o desenvolvemento do Mercado.
- i) Durante a celebración do Mercado realizarase un proceso de comprobación de todos os postos presentes para regular que se realizou todo o proceso previo á autorización do posto, evitando así a instalación de actividades non autorizadas. No caso de detectarse incumprimento do mesmo, o dito posto será retirado pola autoridade competente.
- j) Os expositores están na obriga de cumprir cos horarios de apertura, peche e duración do mercadiño. En caso contrario, isto será motivo de non participación nos vindeiros eventos organizados polo Concello de Lugo.
- k) No caso de existiren concursos non está permitida a participación dos establecementos e traballadores/as do Mercado.

3. INSCRICIÓN E PROCESO DE SELECCIÓN

3.1.- SOLICITUDES, PRAZOS E FORMA DE PRESENTACIÓN

- As solicitudes se presentarán no modelo achegado coma ANEXO I nestas bases.
- A persoa participante comprométese a cubrir de boa fe o formulario de participación e a transmitir os datos exactos á entidade organizadora.
- A inscrición será de balde.
- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 de días hábiles desde o día seguinte a publicación da Resolución que aproba estas bases e a súa

- convocatoria (prevista para o venres 14 de novembro) na páxina web do concello, polo que o prazo previsto de remate será o venres **28 de novembro de 2025**.
- As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Lugo, a través do rexistro electrónico da sede electrónica do Concello de Lugo www.lugo.gal ou a través de calquera dos medios recollidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso a persoa solicitante deberá comunicar, na mesma data na que presente a solicitude, mediante correo electrónico remitido á dirección cei@lugo.gal a presentación da solicitude presentada.
 - As solicitudes se dirixirán ao Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.
 - Só se poderá presentar unha solicitude por cada interesado/a.
 - **A adxudicación das casetas e quendas realizarase mediante sorteo público, que terá lugar o día 2 de decembro ás 10:00 horas no CEI NODUS**
 - A resolución final de adxudicación de espazos será publicada no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal) antes do 3 de decembro.

3.2.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- a) Modelo de solicitude (Anexo I)
- b) Declaración responsable:
 - a. Que non incorre en ningunha das prohibicións previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
 - b. Que asume a responsabilidade polos posibles danos que se puidesen ocasionar con motivo da ocupación, incluída a que se puidesen derivar de calquera produto que se expendan.
- c) Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, tanto coa AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social.
- d) Copia do DNI ou CIF da empresa.
- e) Documento xustificativo de estar de alta na TGSS.
- f) Memoria detallada dos produtos que se van poñer á venda e fotografías recentes das pezas, produtos a expoñer.
- g) Copia da póliza e recibo actualizado do Seguro de Responsabilidade Civil.

3.3.- PROCESO DE SELECCIÓN

- A adxudicación das casetas e quendas **será mediante sorteo público, que terá lugar o día 2 de decembro ás 10:00 horas no CEI NODUS**, tendo cada participante a posibilidade de seleccionar o número de quendas nas que desexa participar no mercado.
- Unha vez realizada a selección de expositores, as persoas titulares serán informadas pola organización e enviaráselles o acordo de participación, que

deberán devolver asinado para que a confirmación de espazos e quendas sexa firme.

- Existirá unha lista de agarda con todas aquelas persoas que non obteñan praza nesta fase.
- No caso de existir algunha vacante nunha quenda darase a posibilidade de ampliar a súa participación a ocupantes da lista de agarda, ou participantes das entidades nas semanas anteriores ou posteriores.
- É requisito indispensable a participación na totalidade das xornadas das quendas adxudicadas. De non cumprirse este requisito, a organización poderá cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da lista de agarda.

3.4.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DAS CASETAS

Os criterios serán os seguintes:

- Orde de rexistro da inscrición.
- A heteroxeneidade do conxunto de participantes por quendas co obxecto de contar con diferentes especialidades en cada unha delas, na medida do posible (en todo caso, non se limitará o número de expositores da mesma categoría por quenda).
- As categorías serán as seguintes:
 - Artesanía e traballos manuais.
 - Decoración
 - Alimentación e bebidas
 - Produtos ecolóxicos e sostibiles
 - Roupas e complementos
 - Regalos e souvenirs
 - Xogos e xoguetes
 - Flores e plantas
- As decisións sobre a distribución dos expositores, en todo caso, competen exclusivamente á organización, que as tomará sempre en beneficio do Mercado.

4. OBRIGAS PARA AS PERSOAS EXPOSITORAS DE VENDA

As persoas participantes no Mercado de Nadalmente Lucense na Praza Maior comprométense a:

- a) Expoñer o seu material de venda os días de Mercado á hora publicada no programa, no lugar asignado.
- b) Facer a montaxe e desmontaxe no menor tempo posible, deixando o lugar asignado tal como o atoparon, limpo e ordenado. O comerciante deberá desocupar e deixar baleira a caseta entre as 21:00h e as 23:00h salvo festividades previamente sinaladas; e, o novo ocupante ocupará a caseta

tendo totalmente montada a súa exposición entre as 8:30h e as 10:00h do día de entrada na caseta.

- c) Non ofrecer, vender ou regalar produtos ou obxectos indicados na relación de mercadorías prohibidas. Serán intervídos pola organización e sancionados co peche inmediato da caseta previo aviso á autoridade competente.
- d) Non usar obxectos ou dispositivos para facer ou reforzar o volume da publicidade verbal, nin dispositivos musicais, nin nada que o faga máis alto que a propia voz humana.
- e) Non utilizar pancartas ou espazos para expor material fóra da zona asignada e destinada á caseta. Non bloquear o paso ao público e a viandantes na praza.
- f) A organización non se fará responsable do estado do material do expositor e só pode avisar ao vendedor/a de que se cumpran estas bases.
- g) Presencia no posto durante o horario do Mercado.

5.- CANCELACIÓN EN CASOS DE RISCOS METEOROLÓXICOS

En caso de previsións meteorolóxicas adversas, ou no caso de peche do mercadiño por previsións de riscos meteorolóxicos, a organización poderá cancelar o Mercado ou algunha das súas actividades, sen a obriga de aprazar a actividade a outra data. A organización avisará aos expositores/as e persoas participantes coa maior inmediatez posible por correo electrónico e/ou teléfono e na páxina web www.concellodelugo.gal.

6. EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE POR PARTE DA ORGANIZACIÓN

A organización non se fará responsable de:

- O acordo entre o público e o/a vendedor/a, a interlocución nin a mediación.
- O material exposto polos participantes, medios de pago, das condicións ou dos prezos de venda do material.
- Os danos, directos ou indirectos, do roubo do material ou obxectos de valor e que se produzan na zona do Mercado de Nadal, tanto en horario de apertura como de peche.
- Os danos, directos ou indirectos, que poida ocasionar calquera condición atmosférica, causa de forza maior ou suceso externo á organización.

Cada participante será responsable ante as e os seus compañeiros/as ou ante o público de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, derivado dunha mala posición ou suxeición dos materiais que trouxese e expuxese na súa caseta ou entorno, eximindo á organización de calquera responsabilidade tipificada.

7. DISPOSICIÓNS XERAIS

- a) A organización resérvase o dereito de fotografar ou gravar en vídeo os expositores e mercadorías expostas nas casetas, podendo utilizarse estas reproducións nas súas publicacións e promocións oficiais.
- b) A organización resérvase o dereito de excluír ás persoas que non cumpran as condicións establecidas nas bases no momento de formalizar a inscrición.
- c) Calquera produto ou obxecto que exceda das medidas establecidas para a caseta exporase nunha fotografía, acordando a súa posterior venda entre as partes. Exemplo: armarios, mesas...
- d) Estas bases son obrigatorias para todos e cada un dos e das expositores/as e asumen o seu cumprimento ao solicitar a participación no Mercado de Nadalmente Lucense da Praza Maior.

8. DEREITOS DE IMAXE

As persoas participantes cederán os dereitos de imaxe pola súa participación á organización para o seu uso en campañas de comunicación Localmente Lucense ou en calquera outras que o Concello de Lugo estime conveniente.

9. MODIFICACIÓN DAS BASES

A entidade organizadora resérvase a facultade de modificar os artigos destas bases e especialmente as bases do concurso e os premios asignados, fundamentalmente para ter en conta a evolución das disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, a normativa xudicial, decisións ou as recomendacións dos organismos encargados da administración.

10. ENTREGA DAS BASES

As presentes bases poderán consultarse en calquera momento na páxina web do Concello www.concellodelugo.gal durante o período de vixencia das actividades do Mercado Nadalmente Lucense.

11. CONTENCIOSO

As bases e todos os participantes réxense pola lexislación española aplicable á competencia. No caso de que por este concurso xurda algún litixio que non poida ser resolto amigablemente, as partes sométense aos Xulgados e Tribunais da cidade de Lugo. Finalmente, no caso de que algunha cláusula destas bases fose declarada nula de pleno dereito, non afectará á súa vixencia.

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 10280/2025 do 4 de novembro do Libro Único de Resolucións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- APROBAR as **BASES DE PARTICIPACIÓN E APERTURA DA CONVOCATORIA DO MERCADO DE NADAL “NADALMENTE LUCENSE” ORGANIZADO POLO CONCELLO DE LUGO.**

SEGUNDO.- Publicar as Bases Xerais de Participación no Mercado de Nadal “Nadalmente Lucense” no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e apertura da convocatoria.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poden se interpoñer os seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

Malio o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP ante a Alcaldía no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ao da publicación do presente acto.

Así mesmo, trasládese ás dependencias e aos servizos municipais afectados.

Cúmprase